

## Aínda estamos a tempo para cambiar

O vento roza as follas.  
Asubía, móveas todas.  
Brétema mariña que te achegas pola costa,  
Por que petas na miña porta?

Coñecemos ben o teu plan,  
Sempre tiveches o mesmo afán.  
Que se afastasen da costa,  
Por que petas na miña porta?

Xa cegos tódolos mariñeiros,  
O teu traballo xa está feito.  
Eles sós se alexan da costa,  
Por que petas na miña porta?

Luces espetadas no horizonte,  
Vinas cerca aquel antonte.  
Cando eu estaba cerca da costa,  
Por que petas na miña porta?

Faneca, sardiña e atún,  
Eu sigo co meu xaxún.  
Consérvase arrecendo a caldo na costa,  
Por que petas na miña porta?

Noites en vela mirando as estrelas,  
Non tes a ninguén, falas só con elas.  
Están todos na costa,  
Por que petas na miña porta?

Un novo día chamado rutina,  
Nesta nosa barca inimiga.  
Hai morriña de vacacións na costa,  
Por que petas na miña porta?

No mar empeora o tempo,

Todo por ir a atopar a ese elemento.  
Un peixe fóra da súa costa,  
Por que petas na miña porta?

Desviouse do seu fogar,  
Coma min, mar a dentro, a nadar.  
E atopámolos na costa,  
Por que petas na miña porta?

Atordouno o cambio climático,  
El prefería o frío antártico.  
Na súa nevada costa,  
Por que petas na miña porta?

Se só fora un peixe, non habería problema,  
Ese é o meu lema.  
Pero e que nós contaminamos a costa,  
Por que petas na miña porta?

Mariñeiro pai, fillo e neto,  
Todos na casa, sen nada no peto.  
Extinguíronse as especies da costa,  
Por que petas na miña porta?

Pero o problema non marchará,  
Non é coma un peixe fuxindo a nadar.  
Se todos cuidásemos a terra,  
Verdade que non habería problema?

*Aínda estamos a tempo de cambiar*

3º da eso

***Matián Romero***